



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

En cumprimento do indicado nos artigos 17 e 20 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, públicanse as bases reguladoras da concesión de axudas para o transporte de estudiantes de bacharelato e ciclos formativos en Centros públicos da Comarca de A Mariña do Concello de Alfoz e o extracto de convocatoria para o curso 2018/2019.

BNDS: 420902

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDIANTES DE BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS EN CENTROS PÚBLICOS DA COMARCA DA MARIÑA DO CONCELLO DE ALFOZ.

INTRODUCCION

De conformidade co indicado no artigo 25.2.n da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Régime Local, os Concellos teñen como competencia propia participar na vixánica do cumprimento da escolaridade obligatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención de solares necesarios para a construcción de novos centros docentes; igualmente , se asumen obrigas no que respecta á conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local adicados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial.

Dentro destas competencias establecidas no marco regulador xeral das entidades locais , pero tamén dentro do ámbito da normativa sectorial educativa, non figura en ningún caso como competencia propia do Concello prestar ou asumir o servizo de transporte escolar, en ningunha dos diferentes niveis académicos. De feito, na recente modificación da LRBRL desapareceu a educación e a saúde como ámbitos materiais nos que os Concellos poderán exercer competencias , e se proclama o principio de non exercicio de competencias sen a financiación adecuada.

Non podendo, pois, asumir o Concello a xestión do servizo de transporte escolar, si se entende que se pode facer uso da actividade de fomento, arbitrando medidas tendentes a que os propios cidadáns colaboren no cumprimento de obxectivos, como pode ser o fomento da educación, mediante incentivos económicos, isto é axudas ou subvencións.

Coñecido é que a evolución educativa dunha sociedade está intimamente relacionada coa prosperidade social e económica da mesma; igualmente, polo actual sistema de reparto territorial de centros educativos hai moitos veciños que deben desprazarse, incluso a diario, para completar a súa formación , co conseguinte esforzo persoal de tempo e diñeiro que os sitúan , en ocasións, en situacións más desfavorecidas que os estudiantes que teñen o seu lugar de residencia no mesmo municipio onde cursan estudos.

Conscientes da importancia do indicado, o Concello de Alfoz, no seu Plan Estratégico de Subvencións do Concello de Alfoz 2017-2019 recolle a Liña Estratégica 2: "Fomento da acción social, emerxencia social, fomento da natalidade, o acceso á educación e protección das familias", que contemplaba como obxectivo estratégico, entre outros, fomentar o acceso a niveis educativos non obligatorios non prestados no termo municipal, co que supón de desprazamentos e encarecimiento no acceso a un dereito básico como a educación.

Continúa dicindo o Plan Estratégico de Subvencións que o procedemento de concesión realizarase en concorrenza competitiva, sendo o plan de actuación a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

Publicado no BOP de Lugo nº 15, de 19 de xaneiro de 2018, o citado Plan Estratégico de Subvencións e no BOP nº 125, de 2 de xuño de 2018 a Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, se considera necesario proceder a continuar co plan de actuación, mediante a aprobación das presentes bases xerais reguladoras da concesión de axudas para transporte de alumnos que cursen estudios fóra do termo municipal do Concello de Alfoz.

Así pois, o Concello de Alfoz , consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de

xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de atender ou contribuír a satisfacer as necesidades efectivas dos estudiantes segundo as súas circunstancias socioeconómicas e académicas, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, formúlanse as presentes bases que regulan axudas aos estudiantes do Concello de Alfoz en bacharelato e ciclos formativos en centros públicos da Comarca de A Mariña , nas modalidades de transporte.

Segundo coa nova tendencia de aplicación de políticas demográficas de xeito transversal, se entende que as axudas que se concedan dende o Concello de Alfoz deben ser para o uso prioritario do transporte público; dunha banda, pola incidencia do uso do transporte público nas políticas medioambientais, doutra pola redución da sinistralidade nas vías públicas, especialmente entre os mais novos, e por último, para fomentar o sostento da rede pública de transportes que favoreza ou mellore a interconectividade entre municipios de tamaño pequeno e medio, reducindo as dificultades de mobilidade no medio rural.

1.- OBXECTO E FINALIDADE .

Son obxecto destas bases a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, mediante o uso prioritario do transporte público, nalgúnha das seguintes modalidades sempre dentro da comarca de A Mariña :

- Bacharelato.
- Ciclo medio de formación profesional .
- Ciclo superior de formación profesional .

As subvencións se rexerán pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Alfoz 2017-2019 (BOP nº 15, de 19 de xaneiro de 2018) e pola Ordenanza Reguladora da Concesión de subvencións do Concello de Alfoz.(BOP nº 125,de 2 de xuño de 2018).

Aos efectos das presentes Bases, enténdese por axuda toda cantidade monetaria que o Concello de Alfoz conceda a quien deseche realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias.

A finalidade é favorecer a escolarización non obligatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional , así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudiantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:

Comarca de A Mariña Oriental: Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.

Comarca de A Mariña Central: Burela, Valadouro, Alfoz, Foz , Lourenzá e Mondoñedo.

Comarca de A Mariña Occidental: O Vicedo, Xove, Viveiro, Cervo e Ourol.

2.- CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de dez mil euros (10,000) que se imputarán con cargo á partida 326.48 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

Se concederán axudas ata agotar partida orzamentaria. No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente que cumplan os requisitos das presentes bases superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario, de tal forma que todos os concorrentes reciban a parte proporcional correspondente.

3.- BENEFICIARIOS.

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, e concreto por alomenos un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, polos tutores legais ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumplir o requisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de Alfoz, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirira o empadroamento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria , nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña.

c.- O estudiante non pode ter cumplidos os 30 anos , tanto no momento da convocatoria como dentro no ano natural no que se publique a mesma.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Alfoz

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro , Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.- Utilizar o transporte público nos desprazamentos totais ou parciais dende o seu domicilio ao centro de estudos, salvo acreditación de incompatibilidade de horario lectivo con horario do transporte público.

4.- CRITERIOS DE VALORACIÓN .

No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente , que cumpran os requisitos das presentes bases ,superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario .

5.- CONTÍA DAS AXUDAS .

Concello de Alfoz abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumn@ ,segundo o establecido no artigo anterior, de conformidade coa seguinte cantidade entendida como máxima individual por convocatoria, establecéndose prorratoe por mensualidades completas por ter en conta a diferente duración dos estudios :

TIPO DE ESTUDOS	CUANTIA MENSUAL MAXIMA INDIVIDUAL (EN EUROS)	CUANTIA ANUAL MAXIMA INDIVIDUAL POR CURSO (EN EUROS)
Bacharelato	40	400
Ciclo medio de formación profesional	40	400
Ciclo superior de formación profesional	40	400

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante e d@ alumn@.

c.- Fotocopia do Libro de Familia

d.- Certificado de empadronamento e convivencia.

e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.

f.- Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso.

g.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado

h.- Declaración acreditativa do cumplimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da axuda , no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente e que concorrerá aos exames de, polo menos á metade das materias matriculadas.

A presentación da solicitude de axuda implicará a autorización ao Concello de Alfoz para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non da bolsa ou axuda.

7.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en acceder ás axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello, acompañado da documentación a que se refire a Cláusula Sexta .

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados no Departamento Técnico de Xestión e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello.

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

prazo de presentación das solicitudes establecerase na correspondente convocatoria.

prazo para a presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Boletín Oficial correspondente, e finalizará transcorrido un período de QUINCE DIAS NATURAIS .

Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración de dita prórroga poda exceder de 5 días.

8.- INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO

1.- As solicitudes de axudas reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.

2.- Aprobación da convocatoria:

A convocatoria de axudas serán aprobadas pola Alcaldía do Concello de Alfoz . As axudas convocadas segundo as presentes bases serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria que veña determinada nos orzamentos municipais para o exercicio económico do ano correspondente.

A resolución de concesión queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais do ano correspondente.

procedemento de resolución de subvencións que se xestiona a través da convocatoria correspondente, se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

En cumprimento do disposto no capítulo II da Lei 38/2003 e da Ordenanza Reguladora de Subvenciones Municipais, o procedemento de concesión será en réxime de concorrencia competitiva.

3.- Instrucción :

A instrucción do procedemento corresponderá ao Departamento Técnico de Xestión, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

A proposta de resolución provisional realizada polo órgano instrutor, deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, especificando a valoración de favorable ou desfavorable, e a contía correspondente. Esta proposta se elevará á Alcaldía, quien emitirá proposta de Resolución Provisional que se fará pública aos interesados a través do taboleiro de anuncios, sede electrónica e na páxina web do Concello, dando un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

4.- Resolución:

Informadas as alegacións que se presenten polo departamento de instrucción por este elevarase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da axuda e o seu importe.

A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e será notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Alcaldía, previa fiscalización do gasto polo Departamento de Secretaría- Intervención.

6.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non excederá de SEIS MESES e se computa a partir da publicación da correspondente convocatoria.

9.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

10.- TRAMITACION E PAGAMENTO.

O pagamento das axudas , tras a publicación definitiva, efectuarase en dúas fases:

- Un primeiro pagamento, por importe do 50 % da axuda , a modo de pagamento anticipado ou entrega a conta, coa resolución de concesión da subvención, mediante transferencia bancaria segundo os datos facilitados polo solicitante, debendo ser o titular da conta bancaria o beneficiario da axuda concedida ou o solicitante no caso de que aquel sexa maior de idade.

Para a determinación do importe total da axuda terase en conta os meses de duración do curso, ata un máximo de dez mensualidades.

- Un derradeiro pagamento, pola cantidade que resulte a liquidar a modo de pagamento final , unha vez acreditado polo beneficiario o coste realizado mediante a presentación da conta xustificativa, mediante transferencia bancaria segundo os datos facilitados polo solicitante, debendo ser o titular da conta bancaria o beneficiario da axuda concedida ou o solicitante no caso de que aquel sexa maior de idade.

11.- CONTA XUSTIFICATIVA.

Os beneficiarios da subvención deberán presentar no prazo máximo de un mes posterior á finalización do curso académico a documentación xustificativa da realización da actividade para o que se concede, composta por :

Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade da actividade, no que se indicará estudios cursados, período de duración do curso, número de materias matriculadas, número de materias ás que se presentou a exame e resultados académicos obtidos, así como porcentaxe de asistencia, acompañado de certificado ou informe emitido polo Centro educativo acreditativo de tales extremos.

b) Facturas emitidas pola empresa de transportes que cubra o traxecto total ou parcial dende o Concello de Alfoz ata a poboación onde estea sito o centro de estudos; as citadas facturas estarán emitidas a nome do beneficiario da subvención (proxenitor no caso de menores de idade ou a nome do estudiante no suposto de ser maior de idade), e terán como concepto o transporte / viaxes indicando o nome e apelidos do alumno , o traxecto cuberto e a mensualidade correspondente.

Non suposto de non poder utilizar o transporte público por tratarse de centros educativos ubicados en municipios que non gozan de liña de transporte compatible co horario lectivo, a presentación das facturas será substituída por certificado ou informe expedido polo Centro Educativo no que se indique o nome do estudiante, curso educativo cursado, duración do mesmo, porcentaxe de asistencia (que non debe ser inferior ao 75 %) do alumno no curso finalizado e certificado de calcificacións obtidas.

c) Declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade, acompañada, no seu caso, de copia compulsada da resolución de concesión de subvención .

12.- COMPATIBILIDADES.

Estas axudas se consideran compatibles con outras axudas e subvencións procedentes de organismos, institucións e persoas físicas e xurídicas, de natureza pública, semi pública ou privada, con independencia da forma que utilizarán para o exercicio das actividades que lle sexan propias, sempre que non superen o 100 % do coste da actividade.

No suposto de que o beneficiario recibirá axudas totais para a mesma finalidade superando o coste total, deberá poñelo en coñecemento do Concello de Alfoz mediante o correspondente modelo de declaración xurada , conforme Anexo IV, realizando o Concello de Alfoz a aportación proporcional ata o máximo contemplado.

Os beneficiarios das axudas propostas quedan exonerados de presentar garantías para a percepción das mesmas.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios das axudas reguladas nas presentes bases as seguintes: 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases

2.- Destinar a axuda á finalidade para a que se concede.

3.- De revogarse a concesión da axuda , o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas

4.- Presentar a conta xustificativa no prazo indicado.

5.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento

6.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

7.- No suposto de non poder utilizar o transporte público por tratarse de centros educativos ubicados en municipios que non gozan de liña de transporte compatible co horario lectivo, débese acreditar un porcentaxe de asistencia non inferior ao 75%.

14.- VERIFICACION, CONTROL E REINTEGRO.-

A resolución de concesión das presentes axudas poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboadou ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concorreuse en ocultación ou falseamento de datos.

Co fin de determinar os mecanismos más adecuados de estimación real de rendas, situación económica ou situación académica real dos solicitantes aos efectos de adxudicación das axudas, e co mesmo fin, aos efectos de poder obter a información da situación real dos solicitantes das axudas, a presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello de Alfoz para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación da axuda ou bolsa.

Para intensifica-lo control que evite o fraude na documentación examinada para obte-la axuda , o Concello poderá determinar que se da ocultación a que se refire o apartado anterior por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera órgano das Administracións Públicas.

Para o procedemento de reintegro se estará ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento municipal.

15. FIN DA VIA ADMINISTRATIVA

acto de resolución da subvención agota a vía administrativa, podendo interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes ,ou ben directamente contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDIANTES DE BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS EN CENTROS PUBLICOS DA COMARCA DE A MARIÑA .

CONVOCATORIA CURSO: 20___ /20___

Apelidos:
Nome:
D.N.I.:
Domicilio a efectos de notificación en:
C.P.:
Teléfonos:
Correo electrónico

CENTRO DE ESTUDIOS:
DOMICILIO:
PROVINCIA:
NOMBRE TITULACIÓN:
DURACION DO CURSO:

Documentación a aportar:

	Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante e d@ alumn@.
	Fotocopia do Libro de Familia
	Anexo II e certificacións AEAT, Xunta e Seguridade Social.
	Certificado de empadroamento e convivencia
	Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda
	Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso
	Anexo III
	Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado(Anexo IV) .

Pola presente autorizo ao Concello de Alfoz para obter os datos de empadroamento e situación de estar ao corrente co Concello de Alfoz.

Igualmente, por medio da presente, emito autorización expresa ó Concello de Alfoz para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación da axuda, así como o seu posterior verificación, control e , no seu caso, reintegro.

En Alfoz, a de _____ de 20___

Asdo.

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ALFOZ

ANEXO II. DECLARACION XURADA

Apelidos:
Nome:
D.N.I.:
Domicilio a efectos de notificación en:
C.P.:
Teléfonos:
Correo electrónico

Declaración Responsable:

- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias (AEAT, Xunta de Galicia e Concello de Alfoz) e coa Seguridade Social. (Se aportan certificacións)
- Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar contempladas no artigo 13, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Non ter sido condenado mediante sentencia firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- De ser o caso, estar matriculado en Bacharelato ou ciclo formativo medio ou superior de formación profesional impartido no Centro Educativo_____, sito no municipio de _____, NON tendo posibilidade de uso do transporte público dende o Concello de Alfoz ata o citado centro por incompatibilidade do horario da ruta de transporte co horario lectivo .

En Alfoz de ____ de ____

ANEXO III. COMPROMISOS

Apelidos:
Nome:
D.N.I.:
Domicilio a efectos de notificación en:
C.P.:
Teléfonos:
Correo electrónico

Aos efectos de cumplir co previsto nas bases que regulan as AXUDAS PARA O TRANSPORTE PUBLICO DOS ESTUDIANTES DE BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS EN CENTROS PUBLICOS DA COMARCA DE A MARIÑA , declaro baixo a miña responsabilidade o compromiso firme de:

- Non anular a matrícula no curso académico indicado .
- Destinar o importe recibido ao fin para o que se concedeu e durante o curso académico indicado.
- Que no caso de recibir outras subvencións para a mesma finalidade, se o conxunto total das mesmas supera o 100% do coste, debe poñelo en coñecemento da administración.
- Que no ten pendente de xustificación axudas ou subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Alfoz.
- Que coñece e acepta na súa totalidade as bases que regulan a convocatoria da axuda.
- Que concorrerá aos exames de, polo menos, a metade das materias matriculadas.

A maiores, no suposto de non poder utilizar o transporte público por tratarse de centros educativos ubicados en municipios que non gozan de liña de transporte compatible co horario lectivo, ter unha asistencia non inferior ao 75 % da totalidade de horario lectivo do curso correspondente.

En Alfoz, a de de 20__.

ANEXO IV
MODELO DE DECLARACION DE AXUDAS

Apelidos:
Nome:
D.N.I.:
Actuando.. • En representación propia • Como pai/nai/titor legal de :-----

baixo a miña responsabilidade,

DECLARO:

- Que **NON** solicitou nin se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade : axuda para o transporte de estudiantes de bacharelato e ciclos formativos en centros públicos da Comarca de A Mariña.
- Que **SI** tivo solicitado ou se lle concederon outras axudas ou subvencións (tanto do ámbito privado como público) para a mesma finalidade

Entidade Concedente	Curso subvencionado	Importe subvención	Situación (concedida/ solicitada pendente de resolución)

En Alfoz, a _____ de _____ de 201_.

Sinatura do declarante

CONVOCATORIA CURSO 2018/2019

a) Crédito orzamentario: 10,000 euros. Partida de imputación: 326.48.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

obxectivo é a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos , mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades, sempre dentro da comarca de A Mariña: Bacharelato, Ciclo medio de formación profesional e Ciclo superior de formación profesional.

A finalidade é favorecer a escolarización non obligatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional , así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudiantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:

- Comarca de A Mariña Oriental: Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.
- Comarca de A Mariña Central: Burela, Valadouro, Alfoz, Foz , Lourenzá e Mondoñedo.
- Comarca de A Mariña Occidental: O Vicedo, Xove, Viveiro, Cervo e Ourol.

c) Réxime de convocatoria: Concorrencia competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos :

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, en concreto por alomenos un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, os seus titores legais , ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumplir o requisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de Alfoz, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadroamento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria , nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña.

c.- O estudiante non pode ter cumplidos os 30 anos , tanto no momento da convocatoria como dentro no ano natural no que se publique a mesma.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Alfoz

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro , Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.- Utilizar o transporte público nos desprazamentos totais ou parciais dende o seu domicilio ao centro de estudos, salvo declaración xurada de incompatibilidade de horario lectivo con horario do transporte público.

e) Documentación a presentar :

a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante e d@ alumn@.

c.- Fotocopia do Libro de Familia .

d.- Certificado de empadroamento e convivencia.

e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.

f.- Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso.

g.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado (Anexo IV).

h.- Declaración acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da axuda , no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente e que concorrerá aos exames de, polo menos á metade das materias matriculadas.

f) Unidade tramitadora: Departamento Técnico de Xestión. **Órgano competente resolución:** Alcaldía

g) Prazo de presentación de solicitudes: 15 DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.

h) Prazo de resolución e notificación: 6 meses, en todo caso a resolución antes do día 31 de decembro de 2018.

i) Se admite a reformulación de solicitudes.

j) A resolución de concesión pon fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

k) Criterios de valoración: No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente , que cumpran os requisitos das presentes bases ,superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario .

l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, páxina web e serán notificados individualmente . Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.

m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentásense no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Admítese o pagamento a conta de ata o 50 % da contía total da axuda concedida.

Alfoz, 5 de novembro de 2018.- Alcalde-Presidente, Jorge Val Díaz.

R. 3118

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 31 de outubro de 2018, aprobáronse os padróns correspondentes á entrada de vehículos a través de beirarrúas, reservas de aparcadoiro exclusivo e carga e descarga de mercadorias de calqueira clase correspondente ao ano 2018 así como os padróns das mensualidades de setembro de 2018 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal e os padróns correspondentes ao 4º bimestre de 2018 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expónense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 9 de novembro de 2018 ao 11 de xaneiro de 2019. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirse polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lle remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 31 de outubro de 2018. O Alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3115

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 22 de 2018, dentro do vixente Orzamento municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 27

de setembro de 2018 polo importe de **oitenta e cinco mil euros (85.000,00)**, de acordo co preceptuado e en cumprimento ó disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo de 2004, faise público que, despois de ser aprobado dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da siguiente forma:

Cap. 1.- Gastos de persoal	1.733.673,83	Euros.
Cap. 2.- Gastos correntes en bens e servicios	883.873,02	"
Cap. 3.- Gastos Financeiros	880,00	"
Cap. 4.- Transferencias correntes	108.774,54	"
Cap. 6.- Investimentos reais	919.093,82	"
Cap. 7.- Transferencias de capital	0,00	"
Cap. 8.- Variación de activos financeiros	0,00	"
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros	62.794,00	"
SUMA TOTAL	3.684.089,21 euros	

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Monterroso, 05 de novembro de 2018.- O ALCALDE, Miguel Rico Gómez.

R. 3116

O VALADOURO

Anuncio

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDIANTES DE BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS EN CENTROS PÚBLICOS DA COMARCA DA MARIÑA DO CONCELLO DE O VALADOURO.

INTRODUCCION

De conformidade co indicado no artigo 25.2.n da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Régime Local, os Concellos teñen como competencia propia participar na vixiancia do cumprimento da escolaridade obligatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención de solares necesarios para a construción de novos centros docentes; igualmente, se asumen obrigas no que respecta á conservación, mantemento e vixiancia dos edificios de titularidade local adicados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial.

Dentro destas competencias establecidas no marco regulador xeral das entidades locais pero tamén dentro do ámbito da normativa sectorial educativa, non figura en ningún caso como competencia propia do Concello prestar ou asumir o servizo de transporte escolar, en ningunha dos diferentes niveis académicos. De feito, na reciente modificación da LRBRL desapareceu a educación e a saúde como ámbitos materiais nos que os Concellos poderán exercer competencias , e se proclama o principio de non exercicio de competencias sen a financiación adecuada.

Non poidendo, pois, asumir o Concello a xestión do servizo de transporte escolar, sí se entende que se pode facer uso da actividade de fomento, arbitrando medidas tendentes a que os propios ciudadans colaboren no cumprimento de obxectivos, como pode ser o fomento da educación, mediante incentivos económicos, isto é axudas ou subvencions.

Coñecido é que a evolución educativa dunha sociedade está íntimamente relacionada coa prosperidade social e económica da mesma ; igualmente, polo actual sistema de reparto territorial de centros educativos hai moitos veciños que deben desprazarse , incluso a diario, para completar a súa formación , co conseguinte esforzo persoal de tempo e diñeiro que os sitúan , en ocasións, en situaciones más desfavorecidas que os estudiantes que teñen o seu lugar de residencia no mesmo municipio onde cursan estudos.

Conscientes da importancia do indicado, o Concello de O Valadouro, contempla como obxectivo estratéxico, entre outros, fomentar o acceso a niveis educativos non obligatorios non prestados no termo municipal, co que supón de desprazamentos e encarecimiento no acceso a un dereito básico como a educación.

Así pois, O Concello de O Valadouro , consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de atender ou contribuir a satisfacer as necesidades efectivas dos estudiantes segundo as súas circunstancias socioeconómicas e académicas, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de

abril, formúlanse as presentes bases que regulan axudas aos estudiantes do Concello de O Valadouro en bacharelato e ciclos formativos en centros públicos da Comarca de A Mariña , nas modalidades de transporte.

Segundo coa nova tendencia de aplicación de políticas demográficas de xeito transversal, se entende que as axudas que se concedan dende o Concello de O Valadouro deben ser para o uso prioritario do transporte público; dunha banda, pola incidencia do uso do transporte público nas políticas medioambientais, doutra pola reducción da siniestralidade nas vias públicas, especialmente entre os mais novos, e por último, para fomentar o sostentamento da rede pública de transportes que favorezca ou mellore a interconectividade entre municipios de tamaño pequeño e medio, reducindo as dificultades de mobilidade no medio rural.

1.- OBXECTO E FINALIDADE .

1. Son obxecto destas bases a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos , mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades,e sempre dentro da comarca de A Mariña :

- Bacharelato.
- Ciclo medio de formación profesional .
- Ciclo superior de formación profesional .

3. As subvencions se rexirán pola Lei 38/2003, de 17 de novembro , Xeral de Subvencions , Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009.

4. Aos efectos das presentes Bases, enténdese por axuda toda cantidade monetaria que o Concello de O Valadouro conceda a quien deseche realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias.

A finalidade é favorecer a escolarización non obligatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional , así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudiantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:

- Comarca de A Mariña Oriental: Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.
- Comarca de A Mariña Central: Burela, Valadouro, O Valadouro, Foz , Lourenzá e Mondoñedo.
- Comarca de A Mariña Occidental: O Vicedo, Xove, Viveiro, Cervo e Ourol.

2.- CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de doce mil euros (12,000) que se imputarán con cargo á partida 326.48 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

Se concederán axudas ata agotar partida orzamentaria. No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente que cumplan os requisitos das presentes bases superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a cuantía asignada a cada beneficiario,de tal forma que todos os concurrentes reciban a parte proporcional correspondiente.

3.- BENEFICIARIOS.

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, e concreto por alomenos un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, polos tutores legais ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

- a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumplir o requisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de O Valadouro, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requerirá o empadroamento e residencia efectiva persoal.
- b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria , nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña.
- c.- O estudiante non pode ter cumplidos os 30 anos, tanto no momento da convocatoria como dentro no ano natural no que se publique a mesma.
- d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.
- e- Non ter pendente de xustificación nalgunha subvención concedida polo Concello de O Valadouro

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro , Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.- Utilizar o transporte público nos desprazamentos totais ou parciais dende o seu domicilio ao centro de estudos, salvo acreditación de incompatibilidade de horario lectivo con horario do transporte público.

4.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente , que cumpran os requisitos das presentes bases ,superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a cuantía asignada a cada beneficiario .

5. CONTÍA DAS AXUDAS .

O Concello de O Valadouro abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumn@ ,segundo o establecido no artigo anterior, de conformidade coa seguinte cantidade entendida como máxima individual por convocatoria, establecéndose prorratoe por mensualidades completas por ter en conta a diferente duración dos estudos :

TIPO DE ESTUDOS	CUANTIA MENSUAL MAXIMA INDIVIDUAL (EN EUROS)	CUANTIA ANUAL MAXIMA INDIVIDUAL POR CURSO (EN EUROS)
Bacharelato	40	400
Ciclo medio de formación profesional	40	400
Ciclo superior de formación profesional	40	400

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).
- b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante e d@ alumn@.
- c.- Fotocopia do Libro de Familia
- d.- Certificado de empadroamento e convivencia.
- e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda .
- f.- Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso.
- g.- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado
